

ISABELLE ALONSO

Morrerei outro día

Traducido por Xabier Ron e Isabel Soto



Hugin e Munin

1

Había unha vez, xa que así encozegan as historias, na cidade de Valencia, unha parella de namorados que saboreaban as primeiras semanas do seu matrimonio. Nesa costa do Levante español abeirada de arrozais e laranxais, o termómetro non chega nunca ao grao cero que axearía as palmeiras. A dous pasos da estación, a rúa Pelayo ofrécelle o último andar do seu número 24 á parella nova recentemente instalada. Aí nacín eu. Quen era ese tal Pelayo? Elixido primeiro rei de Asturias –pois naquela época os reis elixíanse–, alcumado O Conquistador, no 718 lanzouse, a modo de guerrilleiro, á Reconquista contra os mouros, que non remataría até sete séculos máis tarde, en 1492. Os meus primeiros choros abrollaron baixo os auspicios da clase de individuo que non dubida en emprender proxectos de longo alcance. Non hai nada perdido, ningunha causa, de se medir en séculos.

Os meus pais casaron a finais de abril de 1922 e, se calculo ben, acoplaron os meus cromosomas dende mediados de maio, no momento no que rosean as maceiras, as cerdeiras e as adelfas. A primavera levantina, no esplendor das súas eclosións, ofrece un cadro propicio para que flirteen dous adeptos espontáneos ao *carpe diem*, o único credo de Chelo e Ángel, os meus pais.

O *carpe diem* é algo ben bonito, mais o poeta non pensou en todo cando ceibou a súa receita da felicidade. Porque namentres ti *carpes* o *diem* hai xente, á que non lle pediches nada, que tece o teu porvir con esmero. E ti, ensumido na túa despreocupación, reparas no trallo tarde de máis, cando pechou ben pechado. E cada minuto do resto da túa vida lamentas descender dunha estirpe que nunca quixo pensar no futuro. O presente, só o presente. Se soubesen...

Nacín a mediados de febreiro. Son un naipelo do inverno. Talvez por iso manteño a cabeza fría en calquera circunstancia. A miña nai tróuxome ao mundo na casa. Daquela, o hospital estaba reservado para os enfermos. E eu non o era. Só era un obstáculo na traxectoria de Chelo, que de bo grado atrasaría o acontecemento se as comodidades modernas, píldora e compañía, existisen naqueles anos chamados tolos. Con vinte e un acabados de estrear, a miña nai ten a vida por diante e un degoiro furioso de aproveitala. As súas nupcias remóntanse a dez mes atrás, dez mesiños que non lle deixaron tempo ningún para se divertir na lúa de mel, para se embriagar de liberdade. O tempo lixeiro voou, levando dun sopro as xornadas na praia, as saídas até a alba, os paseos baixo as estrelas e os seráns no espectáculo que conformaban a súa axenda o día que decidiu que o prometido da súa irmá maior sería un marido máis adecuado para ela.

Marta, a austera Marta oito anos máis vella, non o viu vir. No entanto, foi ela a primeira que se cruzou no camiño daquel mozo ao que enxergou no teatro Olympia, entre a banda de estudantes que formaba parte da claqué en troco dunha entrada gratuíta. Emperiquitado,

